

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE XULLO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de xullo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as dez horas corenta minutos deuse inicio á mesma, ao fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 112.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

1.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Aberta a sesión polo Sr. alcalde, dáse lectura polo Sr. secretario do Concello da Resolución da Alcaldía de data 4 de xullo de 2023 pola que se nomean membros integrantes da Xunta de Goberno Local aos/ás concelleiros/as Don Alberte Lamazares Casero, Dona Begoña Vázquez López e Dona Patricia Hermida Deza. Presentes nesta sesión todos/as os/as concelleiros/as que compoñen o devandito órgano, declárase constituída a Xunta de Goberno Local deste Concello, órgano creado polo Regulamento Orgánico, aprobado polo Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de xullo de 1985, de conformidade co establecido no artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e no artigo 59.2 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

2.- ACEPTACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS POLO ALCALDE

Deseguido dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local do contido da devandita Resolución de data 4 de xullo de 2023 no referente á delegación na Xunta de Goberno Local das competencias da Alcaldía que deseguido se sinalan, de conformidade co disposto no artigo 23.2 b) da LRBRL, no artigo 65.2 b) da LALG, e nos artigos 43.2 e 53.2 do ROF:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado e dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia (art. 21.1 f) LRBRL).

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, e aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas (art. 21.1 g) LRBRL).

- Acordar o nomeamento de persoal funcionario e a contratación do persoal laboral, así como as sancións de todo o persoal, agás a separación de servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral (art. 21.1 h) LRBRL).

- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como ás dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización (art. 21.1 j) LRBRL).

- Sancionar as faltas de desobediencia á autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos (art. 21.1 n) LRBRL).

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento (art. 21.1 o) LRBRL).

- O outorgamento das licenzas e títulos habilitantes, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno (art. 21.1 q) LRBRL).

- Aquelas que a lexislación do Estado ou a das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais (art. 21.1 s) LRBRL).

- Solicitar a delegación de competencias para a contratación e execución de obras e servizos con outras Administracións (artigo 61.1 r) LALG).

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando seu valor estimado non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (DA 2ª.1 LCSP).

- A celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 LCSP, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas (DA 2ª.9 LCSP).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aceptar a delegación das competencias da Alcaldía anteriormente enumeradas.

3.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local teñan unha periodicidade semanal, celebrándose os martes de cada semana, ás nove horas trinta minutos da mañá; se dito día cadra en festivo ou inhábil para a Administración, a sesión trasladarase ao día seguinte á mesma hora.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)